# PassCOVID.gal
## Rexistro de estadías en establecementos

XUNTA DE GALICIA

amtega
Axencia para a Modernización Tecnolóxica

# Obxectivos




## Obxectivos sistema PassCOVID.gal

- **Establecer unha canle de información** sobre a situación COVID en Galicia, e recomendacións personalizadas en base á situación individual de saúde fronte ao COVID.
- **Servir de apoio aos protocolos** de xestión que se están a desenvolver pola administración pública galega nesta situación, especialmente aos orientados a identificar focos de contacto e previr potenciais rebrotes.

**NON É UN SISTEMA DE RASTREXO AUTOMATIZADO MEDIANTE BT** (soamente posible en España no sistema **RadarCOVID**).

# Identificación de persoas usuarias

A instalación e activación do sistema PASSCOVID **ten carácter voluntario, e debe responder a unha decisión explicita da persoa interesada.** Tanto no uso do sistema en sí como na posibilidade de utilizar todas ou parte das súas funcións. Contempla dúas modalidades de acceso á app en función do nivel de identificación da persoa usuaria:

- Perfil **anónimo**.
- Perfil con identidade verificada, rexistrada con **Chave365**

O nivel de identificación determinará as opcións ou información accesible



Sistema Passcovid.gal

# Alcance actual – Para todas as persoas usuarias







- **Canle de comunicación xeral,** directa, e complementaria e coordinada coas restantes canles de información, entre o Sistema Público de Saúde de Galicia e as persoas usuarias para facilitar:
    - Información sobre as restriccións aplicadas a nivel territorial ou sectorial.
    - Consellos prácticos e orientación, pautas de saúde, de confinamento ou de mobilidade.
- **Acceso a sistemas de apoio na xestión COVID**: autotest, asistencia domiciliaria, rexistro de estadías de viaxeiros.
- **Identificación de establecementos comprometidos, e** alerta mediante a identificación da estancia da persoa usuaria no establecemento.

# Alcance actual – Para as persoas rexistradas con Chave365







- **Facilitar información personalizada** sobre a situación de risco transmisor (caso COVID) de cada persoa usuaria, **en base á información** que dela dispón o sistema público de saúde de Galicia.
- **Apoio ou complemento para a aplicación de diversos protocolos de actuación do Centro de Seguimento de Contactos (SCS)**:
  - Facilitar a **identificación dos contactos estreitos** da persoa usuaria no caso de que esta fose declarada como caso COVID-19, mediante a utilización dos diferentes protocolos que determine a Consellería de Sanidade, e a súa comunicación ao Centro de Seguimento de Contactos.
  - Canle complementaria para a entrega a persoa identificada como caso COVID, do **código de caso para a súa introducción no sistema de rastrexo de contactos de proximidade, RadarCODIV.**

## QUE É O REXISTRO DE ESTADÍAS NO SISTEMA PASSCOVID?

Unha funcionalidade na app PassCOVID que permite á persoa usuaria rexistrar os establecementos aos que accede, coa finalidade de:

1. Poder recibir dende Sanidade información de que estivo nun establecemento no que se identificou unha situación de risco COVID.

2. Para persoas rexistradas con Chave365 - No caso de ser caso COVID positivo, poder facilitar información á administración sanitaria sobre os establecementos nos que estivo a persoa durante os días previos considerados relevantes a nivel epidemiolóxico.

**O REXISTRO DE ESTADÍAS NO SISTEMA PASSCOVID NON É UN SISTEMA DE RASTREXO AUTOMATIZADO** (soamente posible en España no sistema RadarCOVID).

# Resumo de alcance

**1.- IDENTIFICACIÓN ESTABLECEMENTOS ADHERIDOS**

O establecemento dispón dun QR visible no seu interior, que permite **identificar a ubicación** e a súa **lectura automatizada**

**2.- REXISTRO DE ESTADÍAS**

A persoa usuaria de PassCOVID **escanea o QR** cando entra no establecemento, e a súa **estancia queda rexistrada** no dispositivo móbil:

- Establecemento
- Data e hora da lectura

**3.- CANLE DE COMUNICACIÓN SANIDADE – PERSOAS USUARIAS DE PASSCOVID**

- **Desde Sanidade cara ás persoas usuarias:** No caso de identificar un establecemento "comprometido": Pode enviar unha mensaxe de alerta que recibirán todos as persoas usuarias que teñan rexistrada unha estancia no establecemento, indicando desta circunstancia. (a mensaxe non concreta o establecemento).
- **Desde as persoas usuarias cara a Sanidade:** Unha persoa identificada con Chave365 e identificada como caso COVID-Positivo, pode enviar a listaxe de establecementos nos que estivo ao CSC.

# Identificación de establecementos

**1.Identificación de establecimentos a partir do rexistro de actividades turísticas.**




2. **Xeración e comunicación dos QRs (**un código QR por ubicación**).** Código **QR integrado en cartelería identificativa do programa**, para a identificación clara por parte das persoas usuarias. Impresión por parte dos establecementos a partir de descarga en [https://turespazo.turismo.gal](https://turespazo.turismo.gal)




*Pendente definir o formato da cartelería*

# Rexistro de estadías

**1.A persoa usuaria de PassCOVID escanea o QR identificativo do establecemento.** (tanto acceso anónimo como identificado con Chave365).

2. **As estadías quedan rexistradas no dispositivo móbil** da persoa usuaria.
3. As estadías quedan rexistradas o número de días que se consideren epidemiolóxicamente relevantes.










XUNTA DE GALICIA

amtega Axencia para a Modernización Tecnolóxica

# Canle de comunicación – De Sanidade ás persoas usuarias (anónimas e con Chave365)

1.Cando Sanidade **identifica un establecemento comprometido, rexistra no sistema Passcovid o nivel de risco do establecemento** (3 niveis na actualidade) :

- Sen risco definido.
- Risco leve.
- Risco grave.

Cada nivel de risco determinará as diferentes mensaxes ao cidadán é as recomendacións correspondentes.




*Rexistro de establecementos en PassCOVID*

**2. Sanidade enviará unha mensaxe** a través do sistema (en función do nivel de risco).

**3. A app amosará a mensaxe** a aquelas persoas usuarias que teñan rexistrada unha estancia no establecemento comprometido nas condicións que finalmente determine Sanidade, por exemplo:

- *No período temporal determinado por sanidade (nos últimos x días, …).*
- *A todos os usuarios excepto os que sexan caso COVID positivo.*
- *Ou outros.*

**4. Na mensaxe non se especifica o establecemento comprometido,** únicamente a situación.

XUNTA DE GALICIA

amtega Axencia para a Modernización Tecnolóxica

# Canle de comunicación – das persoas usuarias cara Sanidade – Solo para persoas rexistradas con Chave365

**1.Se a persoa usuaria esta identificada como caso COVID – positivo.** Poderá enviar (se así o decide) o seu rexistro de establecementos ao sistema centralizado de PassCOVID (ata este momento estivo únicamente no dispositivo móvil), e estará dispoñible para a unidade que se determine.



# 1. Acceso por parte dos establecementos




- Os establecementos necesitarán acceder á súa conta en Turespazo para poder descargar os códigos QR
- As persoas titulares deberán estar rexistradas ou proceder ao seu rexistro. Para completalo requirirase o NIF do titular e a sinatura do establecemento

## 2. Escolla do establecemento




- Do listado de establecementos, no caso de teren máis de un, a persoa usuaria deberá escoller aquel do que quere obter os códigos QR
- No menú principal do establecemento deberá escoller a opción “***Códigos QR /*** ”

XUNTA DE GALICIA

# 4. Descarga dos códigos QR

- Na sección terá dispoñible os códigos QR en **3 tamaños**: A4, A5 e A6. En cadanseu tamaño poderá descargar os códigos QR nos **3 idiomas**: galego, castelán e inglés
- Cada un das páxinas dos tamaños amosará unha **previsualización do PDF** a descargar

Escolla de tamaño




Descarga do cartaz en cadanseu idioma

## 5. Tamaños dos cartaces con códigos QR

A4




2 x A5




4 x A6




**Todos os cartaces vanse descargar en tamaño A4 adaptando o espazo aos distintos tamaños**